

31 DE OUTUBRO



Halloween Samaín

Por mor da celebración do Halloween na cultura inglesa e da festividade do Samaín na cultura celta tradicional, o Departamento de Inglés, xunto coa Equipa de Dinamización Lingüística, convidante a que participes nesta conmemoración conxunta coa túa achega de elaboración propia sobre unha práctica actualmente moi estendida: a creación dunha cabaza decorativa.

PARTICIPANTES: Pode participar todo o alumnado oficial matriculado no curso 2017-2018 de xeito individual ou en grupo (máximo 3 persoas). A participación implica a aceptación das presentes bases.

CARACTERÍSTICAS DA PARTICIPACIÓN: O(s) participante(s) presentarán unha cabaza tallada decorativa, de deseño orixinal e propio, e aportarán tamén unha candeia electrónica para a súa iluminación no día do concurso. As cabazas depositaranse no espazo habilitado no vestíbulo da escola ante a Xefa de Departamento de Inglés, en horario de 16.00 a 17.30, quen ademais se encargará de rexistrar os nomes do(s) participante(s), así como o título o nome da súa cabaza, que deberá estar redactado en inglés e galego.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS: O prazo para presentar as cabazas é o martes 31 de outubro en horario de 16.00 a 17.30.

XURADO E VOTACIÓN: Tódalas cabazas serán expostas na Escola trala votación que terá lugar o martes 31 de outubro ás 18.00 no Salón de Actos, e retiraranse o día 3 de novembro de 19.00 a 19.30. As cabazas poden ser reclamadas polos seus creadores nese prazo. O xurado estará composto por 5 membros: os integrantes da Equipa de Dinamización Lingüística, as integrantes da Coordinación de Actividades Culturais do Departamento de Inglés e a auxiliar de conversa do Departamento de Inglés. Haberá un único gañador(a) por decisión do xurado, atendendo ós seguintes criterios: dificultade de elaboración, creatividade do deseño e expresividade.

PREMIO: Haberá un único premio consistente nun vale de 50€ canxeable na Librería Nobel á mellor cabaza decorativa resultante da votación.

ENTREGA DE PREMIOS: Entregaranse o día 31 de outubro ás 18.00 nun acto que se celebrará no Salón de Actos da Escola.

PUBLICIDADE: Durante a celebración do evento, o centro poderá tomar imaxes para a súa posterior publicación na web do centro e/ou difusión en redes sociais.

¡AGARDAMOS A VOSA PARTICIPACIÓN!

